

Teatro para oír e descubrir

Teatro A escritura dramática renóvase a través da radio

Toca xa a cuarta edición deste evento que se traduce non só na necesaria renovación de autoras e autores para a literatura dramática galega, senón tamén na recuperación dun xénero interesante, importante e tradicionalmente esquecido polos circuitos de publicación teatral: o teatro radiofónico. A iniciativa procede da incansábel Ana Romaní e do seu *Diario Cultural* e conta coa colaboración do Centro Dramático Galego. O resultado, finalmente, un libro coas obras premiadas, e o pracer de escoitar en cd a lectura dramatizada dos textos. Publícanse tres peciñas correspondentes ao Premio do Xurado, Premio da Audiencia e Finalista, precedidas dun delicioso prólogo, auténtica homenaxe ao teatro lido e radiodifundido, elaborado por Ánxeles Cuña.

Vanessa Martínez Sotelo e a súa obra *Indoor* foron galardoadas co Premio do Xurado. A autora amósanos aquí unha obra contida de ton contemporáneo, de toques absurdos, na que unha lectura reflexiva fai que o texto gañe sen dúbida á experiencia exclusivamente auditiva na que debe cobrar importancia a historia. Efectivamente, *Indo-*

**IV Premio Diario
Cultural de Teatro
Radiofónico · VV. AA.
Xerais/Radio Galega,
2010 · 80 páx ·
15,90 euros**



or non é unha historia dramática en sentido estrito, senón que semella máis ben un exercicio dramático misterioso e estilizado que nos achega máis ao terreo lírico da suxestión ca ao terreo ficcional da narración pura. En *Indoor*, Vanessa Martínez desenvolve de xeito fragmentario o tema do (auto)encerro e da fuxida posmoderna da expresión das paixóns e os sentimentos como patoloxía a través dun motivo que, en si, constitúe unha atractiva idea literaria: a muller que queda pechada na pedra, reminiscencia contemporánea da clásica (e bíblica) conversión en estatua. Posúe *Indoor* enormes posibilidades escénicas pero, sobre todo, literarias.

A audiencia do *Diario* non se trabucou ao premiar o texto de Begoña García Ferreira *O vento na illa*, unha obra intelixente que se desenvolve



Familia sintonizando a radio // Arquivo

a través dunha historia ben levada e que nos conduce á imprescindible base narrativa do teatro para escoitar. A autora consegue que, nunha soa escena e nuns minutos de conversa, a tensión medre e a historia debulle desde o presente un longo pasado de acontecementos ficcionais que conducen a un desenlace clásico, máis alá, por suposto, dunha definición dos personaxes que se converte en esencial. García Fe-

rrreira demostra talento no dominio do diálogo e da tensión dramática e unha fina intuición sobre o xénero radiofónico.

Por último, o texto finalista de David Rodríguez Rodríguez mestura dous elementos de plena actualidade: a metateatralidade como recurso literario para enriquecer a obra, e a memoria dos acontecementos da Guerra Civil como fío argumental que conduce á confusión entre histo-

ria e relato, ficción e realidade. *Nunca me esqueceréi de ti* amósase coma un bosquejo de algo que podería ser unha obra de maior envergadura, cunha maior concreción da acción e dos propios personaxes. Mais como texto dramático breve, a obra de David Rodríguez funciona e cumpre o que semella o seu obxectivo básico: mover a conciencia do lector á reflexión sobre os acontecementos pasados. // Inma López Silva